

De acordo co disposto no artigo 12 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 4 de agosto ata o 4 de outubro de 2017.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuintes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 17 de xullo de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 2251

Anuncio

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo do 2017, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas e Técnicas particulares que han de rexer na seguinte licitación:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 003-OBRPA17

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Contratación das obras incluídas no proxecto de "Saneamento no entorno da rúa San Pedro"
- b. Prazo de execución: 3 meses

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a. Orzamento: 268.962,50.-€/ (IVE excluído).

5. GARANTÍA DEFINITIVA

- a. Contía: 5% do importe da adxudicación , excluído o Imposto sobre o valor engadido

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Perfil do contratante: www.concellodemonforte.com
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Ext. 245).

7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

- a. Data límite de presentación: 26 días naturais dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado, domingo ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.
- b. Documentación a presentar: A sinalada no Prego de condicións .
- c. Lugar e forma de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos , en horario de 9 a 14 horas.

8. APERTURA DE OFERTAS

- a. Segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.

9. CRITERIO BASE PARA A ADXUDICACIÓN

- | | |
|--|------------------|
| a. Prezo | máximo 68 puntos |
| b. Redución do prazo de execución..... | máximo 20 puntos |
| c. Prazo de Garantía | máximo 12 puntos |

10. GASTOS DE ANUNCIOS

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario.

Monforte de Lemos, 20 de xullo de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca .

R. 2258

PARADELA*Anuncio*

Delegación de funcións por ausencia Alcaldía.

Por Decreto de 18 de xullo de 2017, esta Alcaldía resolveu delegar no tenente de Alcalde D. Martín López López, as funcións que a lexislación vixente me atribúe, durante a miña ausencia do termo municipal de Paradela, dende o 19 de xullo ata o 26 de xullo de 2017 ambos inclusive.

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 44 do RD 2.568/86, de 28 de novembro.

Paradela, 18 de xullo de 2017.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz

R. 2242

A PASTORIZA*Anuncio*

Por este concello tramítase expediente para a alteración da cualificación xurídica como ben patrimonial ou de propios de dous tramos do camiño coñecido como “da agra de Alvite” na parroquia de Bretoña.

Un dos tramos do camiño comeza no camiño de acceso a Alvite nunha lonxitude de 80 metros e un ancho variable que oscila entre 2 metros e 6 metros, resultando unha superficie de 289 metros cadrados, que sería permutado, previa a súa desafectación, por unha porción de terreo de 516 metros cadrados da finca 3-96 da zona de concentración parcelaria de Bretoña de propiedade de don Manuel María Rico Veiga e esposa dona Dulcina Gallego Iglesias.

O segundo tramo de camiño pertence tamén ao antigo camiño da agra de Alvite e ten unha lonxitude de 36 metros e un ancho que oscila entre os 3 e os 5 metros, cunha superficie de 154 metros cadrados, que sería permutado, previa a súa desafectación, por unha porción de terreo de 172 metros cadrados da finca 3-94 de propiedade de dona Marina Paz Comendeiro.

De conformidade co disposto no artigo 269 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, exponse ao público o citado expediente na secretaría deste Concello, polo prazo dun mes, contado desde o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a efectos de exame e reclamacións, no seu caso, que serán dirixidas ao Sr. alcalde-presidente deste Concello.

Pastoriza, 20 de xullo de 2017.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 2252

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2017 .**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 6 de xullo de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2017 , de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xuño : 2622,85 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xullo de 2017 e o 01 de setembro de 2017.